



ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR E A FUNDACIÓN CENTRO GALEGO DA ARTESANÍA E DO DESEÑO PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS FORMATIVAS AO COLECTIVO DE REDEIRAS ARTESÁS NO MARCO DO SEU PROCESO DE DIVERSIFICACIÓN PROFESIONAL

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xeral da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro,

DECLARA:

Que esta Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro ten previsto formalizar coa Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abranque dende o 28 de marzo de 2016 ata o 31 de decembro de 2016.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións de colaboración entre a Consellería do Mar e a Fundación Centro Galego de Artesanía e do Deseño para a impartición de accións formativas que permitan a diversificación profesional das redeiras artesas de Galicia e o desenvolvemento sostible da zonas costeiras.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

A Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro é un órgano de dirección da Consellería do Mar ao cal corresponde o fomento da organización sectorial, a ordenación, dirección e coordinación das atribucións que ten asumidas a Consellería en materia de extensión pesqueira. En uso da dita atribución a dirección xeral de Desenvolvemento Pesqueiro ten realizado con anterioridade diversas actuacións formativas enfocadas á diversificación profesional do colectivo de redeiras artesás de Galicia.





A Fundación Centro Galego de Artesanía e do Deseño é unha entidade sen ánimo de lucro adscrita á Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia. Entre as finalidades da Fundación están a formación especializada e perfeccionamento, así como o arquivo, información, investigación e promoción da artesanía galega, e a mellora da calidade técnica e artística dos produtos artesanais de Galicia. Forma parte, polo tanto, dos seus cometidos primordiais o desenvolvemento de liñas de investigación destinadas a especializar e perfeccionar técnicas de elaboración que permitan mellorar a calidade dos produtos artesanais ademais de optimizar o proceso produtivo xa que a innovación, o deseño e a calidade son bases para a supervivencia desta área.

Tanto a Consellería do Mar como a Fundación Centro Galego de Artesanía e do Deseño teñen experiencia en anteriores programas formativos co colectivo de redeiras artesáns, acadando resultados enormemente satisfactorios, polo que resulta unha oportunidade a experiencia acumulada. Esa traxectoria acredita á Fundación como a única entidade coa experiencia e especialización precisa para o deseño e organización destes cursos.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela a 1 de abril de 2016.

